

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol*, o día 11 de febreiro de 2007.-

Léopold Senghor, poeta da negritude

Para Bilal, Charo e Salma

“O fenómeno da negritude é a reacción natural de África a centos de anos de dominio dos europeos, a quen o home negro ousa por fin mirar de fronte, directamente aos ollos”. Son palabras de Jean-Paul Sartre en *Orfeo negro*, o prólogo á *Escolma da nova poesía negra e malgache* que publicou o poeta senegalés Léopold Sédar Senghor (1906-2001) poucos anos antes de acuñar xunto con Aimé Césaire e Léon Damas (poetas da Martinica e da Guiana respectivamente) a palabra **Negritude** para se referir ao proceso de liberación que pasa pola toma de conciencia da identidade propia dos negros de todo o mundo. O termo, que apareceu por vez primeira no periódico *O estudante negro* que Senghor fundou en París mentres estudaba na Universidade da Sorbona, representa o inquebrantábel compromiso ideolóxico e poético con África e coa súa liberación dun poeta que sempre afirmou que as verdadeiras claves da súa poesía non eran outras que a reivindicación e a dignificación dos pobos todos de África, a consolidación da identidade propia do mundo negro e a defensa dos seus máis grandes valores culturais. “*Falabamos de África. / Un vento quente traía a súa esencia máis cálida de femia negra...*” escribiu en “*Mediterráneo*”.

A negritude representa a rebeldía contra a escravitude e a colonización, contra o sentimento de exilio e desamparo, un canto á herdanza dos devanceiros e ás tradicións ancestrais, pero ao mesmo tempo unha defensa da mestizaxe cultural. “*Loados sexades, meus pais, loados sexades! / Vós que*

permitistes despregos e burlas, as ofensas cortesas, as alusións discretas / e as prohibicións e as segregacións”, escribiu en “*A volta do fillo pródigo*”. “*Ollade como morre a África dos Imperios – é a agonía dunha princesa que dá mágoa*” dixo na “*Oración ás máscaras*”.

África é para Senghor, mergullado nunha procura constante das esencias propias do continente, a terra da que necesariamente terá que xurdir unha seiva nova, un forte impulso de enerxía que leve o trepidante ritmo dun “*djiembé*”: “*tam-tam esculpido, tam-tam tensado que retumba golpeado polos dedos vencedores*”, di en “*Muller negra*”.

Porque África é, sobre todo, terra, “*sabana de horizontes purísimos, sabana estremecida nas caricias ferventes do vento de levante...*”, terra dos ocres amarelentos das areas do Sahel, terra de ríos e de manglares, e de montañas e baobabs, e de bosques de caoba, teca e bambú, e de música, e rabaños, e figuras familiares... (“*Escoitemos o seu cántico, escoitemos como latexa o seu sangue sombrío, escoitemos / como latexa o pulso profundo de África / en medio da bruma dos poboados perdidos*”). Pero tamén é unha antiga arte de vivir. É xente e é raza, e tamén é unha amalgama de crenzas, cores e costumes (“*o son oloroso, o perfume afroitado, o ulido agridoce do fogar abandonado*”), mais é consciente Senghor en todo momento de que se trata dun continente en crise, ferido de gravidade polas tres maldicións da escravitude, a diáspora e a colonización. Europa, pola contra, está representada na súa poesía como a terra onde van morrer os seus compatriotas fusileiros senegaleses, carne de canón a loitar por unha causa allea na Francia invadida da Segunda Guerra Mundial: “*Quen poderá cantarvos se non fose o voso irmán de armas, o voso irmán de sangue, / a vós, Fusileiros*”.

Senegaleses, os meus irmáns negros de man cálida, deitados baixo a xeada e a morte.”

Léopold Sédar Senghor, descendente da tribo serere por parte de pai e da malinké por parte de nai, naceu en Joal, ao sur de Dakar, pero xa moi novo marchou a París cunha bolsa de estudos. No ano 1940 foi recrutado na división da Infantería Colonial e acabou prisioneiro en diversos campos de detención alemáns, nun dos cales estivo a piques de morrer executado. Consciente de que a clave do desenvolvemento dos pobos está no recoñecemento da cultura propia, entregou a súa vida enteira á loita polo progreso de África e en especial do seu país, Senegal, do que foi o primeiro presidente logo da independencia no ano 1960. A raza negra, máis ca ningunha outra, afirmaba, foi a vítima dos grandes descubrimentos. *“Esquezo / as mans brancas que dispararon os fusís que derrubaron os imperios, / as mans que flaxelaron escravos e que te flaxelaron, / as mans brancas poeirentas que te pegaron (...) as mans brancas que cortaron os bosques (...) que reinaban en África.”* Escribiu en *“Neve en París”*. Europa foi edificada encol das ruínas da civilización africana negra e a forza de América nutriuse da suor e o sangue dos negros. O tráfico de escravos custoulle a África douscentos millóns de mortos. Mais sempre é quen de atopar unha mensaxe de esperanza: *“Somos os homes da danza. Os nosos pés recobran forzas ao golpear nos no duro chan”*

Cantos de sombra, Hostias negras, Etiópicas, Nocturnas... todos os libros de Léopold Senghor, destilan negritude envolta na maxia das cores, dos sabores e dos ulidos de África. Non podía ser doutro xeito, xa que falamos dunha persoa que escribiu que *“Se tivese que escoller entre as miñas facetas de home político, escritor ou poeta, quedaría coa poesía porque nela está o*

esencial, a forma máis cabal da cultura, e a cultura é a finalidade última da política”

© Xesús Constela Doce, 2007